

Adaptación da
Programación do
Departamento De
BIOLOXÍA E
XEOLOXÍA

Maio de 2020

Índice

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 1º DE ESO.....Páx. 3

1. 1. Estándares de aprendizaxe e competencias clave mínimas imprescindibles.
Indicadores de aprendizaxe mínimos.
2. Avaliación e Cualificación
3. Metodoloxía e Actividades do 3º Trimestre
4. Información e Publicidade

PEVS DE 1º DE ESO.....Páx 8

1. 1. Estándares de aprendizaxe e competencias clave mínimas imprescindibles.
Indicadores de aprendizaxe mínimos.
2. Avaliación e Cualificación
3. Metodoloxía e Actividades do 3º Trimestre
4. Información e Publicidade

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 3º DE ESO.....Páx 11

1. 1. Estándares de aprendizaxe e competencias clave mínimas imprescindibles.
Indicadores de aprendizaxe mínimos.
2. Avaliación e Cualificación
3. Metodoloxía e Actividades do 3º Trimestre
4. Información e Publicidade

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 4º DE ESO.....Páx 17

1. 1. Estándares de aprendizaxe e competencias clave mínimas imprescindibles.
Indicadores de aprendizaxe mínimos.
2. Avaliación e Cualificación
3. Metodoloxía e Actividades do 3º Trimestre
4. Información e Publicidade

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 1º DE ESO

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE IMPRESCINDIBLES, DA MATERIA IMPARTIDA NO PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRE. INDICADORES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS

UNIDADE 1: Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica.

Criterios de avaliación :

- 1.1.** Utilizar adecuadamente o vocabulario científico aprendido
- 1.2 e 1.3.** Interpretar a información de carácter científico básica

Estándares de aprendizaxe e competencias clave :

- 1.** Manexa os termos científicos máis corrientes relacionados co tema . CCL,CMCCT
- 2.** a) Busca e manexa información para contestar as preguntas que se lle plantean. CD,CAA
- b) Facilita a información elaborada a través de soportes informáticos e medios online. CD,CCL
- c) Elabora opinións persoais sobre cuestións científicas. CAA,CCL

Indicadores de Aprendizaxe mínimos

- 1.1.** Identifica os termos máis frecuentes usados na unidade
- 1.2 e 1.3.** a) Procura información de ciencia a través dos medios
- c) Opina adecuadamente em asuntos relacionados coa unidade.

UNIDADE 2: A Terra no Universo

Criterios de avaliación :

- 2.1.** Recoñecer a teoría do Big Ban sobre a orixe do universo. Define o que é unha galaxia e a vía láctea.
- 2.2 e 2.3.** Expor a organización do sistema solar, así como a diferenza entre modelo heliocéntrico e xeocéntrico
- 2.4.** Relacionar comparativamente a posición dun planeta no sistema solar coas súas características
Localizar a posición da terra no sistema solar.
- 2.5.** Establecer os movementos de rotación e translación; as fases lunares; e as mareas.

Estándares de aprendizaxe e competencias clave :

- 2.1.** Diferencia as dúas teorías fundamentais sobre a orixe do Universo. CMCCT
- 2.2 e 2.3.** Diferencia planetas interiores de exteriores, asteroides. CMCCT
- 2.4.** - Precisa as características que se dan no planeta terra que permiten o desenvolvemento da vida nel, e que non se dan noutros planetas. CMCCT
-Identifica a posición da Terra no Sistema Solar. CMCCT
- 2.5.** -.- Categoriza os fenómenos principais relacionados co movemento e a posición dos astros, e deduce a súa importancia para a vida
-.- Interpreta correctamente em esquemas fenómenos como as fases lunares e as eclipses, e establece

a súa relación coa posición relativa da Terra a Lúa e o Sol. CMCCT

Indicadores de Aprendizaxe Mínimos

2.1. 2.1.1. Coñece o modelo xeocéntrico e heliocéntrico, e os diferencia

2.1.2. Explica a teoría do big bang e o modelo de expansión do universo

2.2 e 2.3. a) Describe as características do sol e os planetas.

c) Explica e interpreta o concepto de ano luz

2.4. a) Coñece a súa posición no sistema solar, así como as características que fan posible a vida nel.

2.5. a) Describe o movemento de rotación da terra e as súas consecuencias: día e noite

b) Explica o movemento de translación da terra e as súas consecuencias: as estacións

c) Interpreta e explica a través dun esquema os eclipses de lúa e de sol

d) Explica por qué se producen as mareas e diferencia marea alta de marea baixa.

UNIDADE 3: A Xeosfera

Criterios de avaliación :

3.1. Identificar as capas da terra

3.2 e 3.3. Recoñecer as propiedades básicas e as características dos minerais e das rochas, distinguir algunhas das súas aplicacións máis frecuentes e salientar a súa importancia económica.

Estándares de aprendizaxe e competencias clave :

3.1. - Xustifica a distribución en capas da terra en función da súa densidade. CMCCT

- Describe as características xerais da corteza, manto e núcleo terrestre. CMCCT

3.2 e 3.3. - Identifica as características básicas dos minerais e das rochas. CMCCT, CAA

- Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá. CCEC

Indicadores de Aprendizaxe Mínimos

3.1. - Coñece as capas nas que se divide a Terra

- Relaciona a disposición en capas da terra coa densidade dos materiais que a compoñen.

3.2 e 3.3.

- Coñece as principais propiedades dos minerais

- Identifica os principais minerais de Galicia e sabe cal é o seu uso

- Sabe que é unha rocha, coñece as súas propiedades e os diferentes grupos que hai

- Define rocha magmática, metamórfica e sedimentaria

- Coñece os principais usos das rochas e combustibles fósiles.

- Sabe algún exemplo de rochas e minerais de Galicia e o seu uso.

UNIDADE 6: A Biodiversidade . Moneras, Protoctistas e Fungos

Criterios de avaliación :

6.1, e 6.2. e 6.3. - Recoñecer a importancia da biodiversidade e as características básicas dos principais grupos taxonómicos

6.4. - Describir as características básicas de moneras, protoctistas e fungos.

Estándares de aprendizaxe e competencias clave :

6.1, e 6.2. e 6.3. - Estima a importancia da biodiversidade e relaciona as plantas e animais máis comúns co seu grupo taxonómico.CCEC,CMCCT

- Identifica e reconece exemplares característicos de cada grupo .CMCCT

6.4. - Discrimina as características xerais de moneras, protoctistas e fungos.CMCCT

Indicadores de Aprendizaxe mínimos

6.1 - Define o concepto de biodiversidade e xustifica a súa importancia como fonte de recursos para o ser humano e para o mantemento do equilibrio da biosfera

- Coñece as principais causas da perda debiodiversidade, e relacionaas con medidas para a asúa conservación.

6.2. - Reoñece os principais grupos de seres vivos

- Ubica diferentes especies comúns no reino correspondente.

- Coñece o concepto de especie e por qué se usa a nomenclatura binomial

6.4- Describe as características vitais, identifica os principais tipos, e coñece as relacións de bacterias, protozoos, algas e fungos co medio ambiente.

2. Avaliación e Cualificación

Dada a peculiaridade deste última parte debido ó coronnavirus, adaptaranse as medidas de avaliación e cualificación.

Os **instrumentos** con que contaremos no departamento para evaluar aos nosos alumnos serán os seguintes:

- Exames das avaliacións. Teremos e conta os exames e avaliacións das dúas primeiras avaliacións.
- Ademais, na 3º avaliación faranse tarefas avaliábeis para recuperar a 1º e 2º avaliación, e ademais farase un exame de recuperación para quen tivera suspensas estas avaliacións. Estes exames serán online e usaranse plataformas como webbex ou edixgal.
- O alumnado coa primeira e 2º avaliación aprobadas, faranse tarefas online da terceira avaliación que servirán para subir a nota media do curso.
- Participación nas actividades online, e grado de entrega das tarefas asignadas
- Asimesmo valoraranse as iniciativas que con respecto á asignatura teñan os alumnos/as
- Na 1º e 2º avaliación terase em conta o comportamento e actitude no laboratorio. Valorárase o traballo colaborativo, os procedementos, as medidas de seguridade.
- Asimesmo valoraranse as destrezas na realización de prácticas de laboratorio.
- Na 1º e 2º avaliación teranse em conta os cuadernos, tanto de clase como de laboratorio, como as fichas correspondentes as actividades extraescolares.

- Na 1º e 2º avaliación valorarase o grado de participación e motivación nas distintas actividades extraescolares levadas a cabo polo departamento.
- _ Valoración no seu caso do proxecto levado a cabo, e a capacidade para traballar en grupo.
- _ Na 1º e 2º avaliación valorarase o seu grao de participación nas actividades levadas a cabo a nivel de centro relacionadas coa asignatura.

Criterios de cualificación e promoción

En canto a 1º e 2º avaliación e con carácter xeral fíxose unha proba escrita ao rematar cada unha das unidades. Esta proba valorouse sobre 11 puntos, dos cales 10 corresponderán a como se realizou a proba, 0,5 puntos a unha correcta ortografía, e 0,5 puntos a unha boa presentación.

En canto a terceira avaliación, o alumnado coa 1º e/ou 2º avaliación suspensas se lle farán actividades específicas de recuperación destas avaliacións.

Neste caso a calificación será enteramente das actividades e a proba escrita ou oral que se faga.

Recuperación da primeira e segunda avaliación:

- **Actividades presentadas, 30%**
- **Exame de recuperación, 70%**

Ainda que o coronavirus interrompiu os traballos de investigacións levados a cabo polo alumnado durante o primeiro trimestre, todo o alumnado que o entregue se lle valorará .

Debido as especiais circunstancias, este traballo xa non será obrigatorio.

Para o alumnado coa primeira e segunda avaliación aprobadas, a nota final ordinaria de xuño será obtida facendo a media das dúas primeiras avaliacións máis un incremento entre un e dous puntos máximos atendendo os seus traballos na materia correspondente a 3º avaliación.

Os que tivesen que recuperar a primeira e/ou a segunda avaliación se lle fará a media dos resultados obtridos, tanto das tarefas como dos exames correspondentes.

A nota final extraordinaria corresponderase coa nota da proba escrita de setembro, que estará baseada nos aprendizaxes mínimos impartidos na primeira e segunda avaliación.

Os alumnos que **non superen a asignatura ó final do curso pero que promocionen**, serán obxecto dun especial seguemento ó longo do curso seguinte. Terán a súa disposición exercicios especiais da materia non superada que se lles entregarán periodicamente e que terán que facer para intentar acadalo nivel esixido nos contidos mínimos.

3. Metodoloxía e Actividades do 3º Trimestre

A metodoloxía de traballo no terceiro trimestre fará uso de distintas ferramentas dispoñibles para traballo telemático. Estas ferramentas incluirán:

- Tarefas a través da plataforma de edixgal
- Clases, encontros, etc. a través de plataformas como webex, se ben non serán moi frecuentes, pois debido o elevado número de alumnos a dinámica destes encontros está bastante limitada.
- Realización de videoclases ou podcasts que serán grabadas polo profesor e colgadas en youtube facilitándolle o acceso o alumnado mediante a clave correspondente.
- Realización de tarefas avaliáveis on line, a través de aplicacións como Socrative, Kahoot, play post it, e tamén coas ferramentas de autor de edixgal.
- Por último os alumnos que queiran continuarán cos proxectos de investigación desenvolvidos ó longo do curso, enviando o s seus resultados para ser calificados.

Esta metodoloxía será aplicable a todo o alumnado, se ben as actividades estarán adecuadas á súa condición dependendo de que sea alumnado coa 1º e/ou 2º avaliación suspensas, ou coas dúas aprobadas, axustando as actividades no caso de ser necesario a alumnado de reforzo. O alumnado coa primeira ou segunda avaliación suspensas non se lles requirira os conceptos novos impartidos na terceira avaliación.

O alumnado de ACI se lle facilitará material específico no caso de ser necesario.

4. Información e Publicidade

A adaptación da programación será feita pública a través da páxina web do centro.

PEVS DE 1º DE ESO

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE IMPRESCINDIBLES, DA MATERIA IMPARTIDA NO PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRE. INDICADORES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS

BLOQUE Nº 2: ALIMENTACIÓN PARA A SAÚDE

Criterios de avaliación :

2.1. Valorar a alimentación como un hábito de vida saudable e as recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas á idade, o sexo, e a actividade física diaria.

2.2 Analizar e avaliar de xeito sinxelo a inxestión habitual e a hidratación, e coñecer as recomendacións de inxestión máis adecuadas á súa idade, ao seu sexo e a súa actividade física diaria.

2.3. a) Deseñar, utilizar e difundir estratexias para a adquisición de hábitos de alimentación e hidratación saudables.

2.4. Facer unha escolla axeitada de alimentos e de bebidas á súa idade, ao seu sexo e a súa actividade física diaria, valorando críticamente as indicacións da etiquetaxe dos produtos.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

2.1. a) -Coñece as recomendacións dietéticas e de hidratación, a importancia para a saúde de unha alimentación sá e saudable, e os riscos para a saúde dunha inxestión desmesurada de produtos azucarados, salgados, etc.

CMCCT,CL

b)-Identifica os alimentos e as recomendacións que propoñen os modelos de dieta atlántica e mediterránea e os seus beneficios.

CMCCT, CAA,CL

c) – Coñece os prexuízos e utiliza estratexias para evitar os hábitos tóxicos relacionados coa saúde (anorexia, drogas, alcohol, tabaco ,etc)

CSC,CL

2.3.

b) - Deseña e elabora unha poroposta de almorzos e merendas saudables, respectando as recomendacións dietéticas para a súa idade.

CMCCT, CAA, CSIEE,CL

2.4. a)- Elabora unha lista de compra semanal, resepectando as recomendacións dunha dieta saudable.

CMCCT, CAA,CL

b) - Interpreta correctamente e de xeito básico a etiquetaxe nutricional dos produtos alimenticios, identificando os valores recomendables para a súa saúde.

CMCCT,CAA,CL

Indicadores de aprendizaxe mínimos

1º) Diferenciar e por exemplos dos principais grupos de nutrientes: hidratos de carbono, lípidos, proteínas, vitaminas e minerais.

2º) Definir o que é unha dieta equilibrada indicando a cantidade de calorías que debe aportar a unha chica ou chico de entre 9 e 13 anos.

3º)Diferenciar os grupos principais de alimentos e coñecer os alimentos que os forman

4º) Saber interpretar unha pirámide alimenticia

5º) Saber calcular o seu índice de masa corporal (BMI)

6º) Enunciar os elementos básicos dunha dieta mediterránea, e dicir que beneficios aporta este tipo de dieta á saúde

7º) Enunciar os elementos básicos dunha dieta atlántica e dicir os beneficios que este tipo de dieta aporta a saúde.

2. Avaliación e Cualificación

Dada a peculiaridade deste última parte debido ó coronnavirus, adaptaranse as medidas de avaliación e cualificación.

Os **instrumentos** con que contaremos no departamento para avaliar aos nosos alumnos serán os seguintes:

- Exames das avaliacións. Teremos e conta os exames e avaliacións das dúas primeiras

- avaliacións.
- Ademais, na 3º avaliación faranse tarefas avaliáveis para recuperar a 1º e 2º avaliación, Estas actividades de recuperación serán a abse de traballos.
 - O alumnado coa primeira e 2º avaliación aprobadas, faranse tarefas online da terceira avaliación que servirán para subir a nota media do curso.
 - Participación nas actividades online, e grado de entrega das rtareas asignadas
 - Dado que a asignatura é impartida em inglés, terase en conta a utilización de este idioma en todos os aspectos relacionados coa asignatura. Non obstante, dado o seu nivel baixo em inglés que a súa vez pode ser casi nulo en parte do alumnado, únicamente se penalizará con un punto a súa non utilización em absoluto.

Criterios de cualificación e promoción

En canto a 1º e 2º avaliación e con carácter xeral fíxose unha proba escrita ao rematar cada unha das unidades Esta proba valouse sobre 11 puntos, dos cales 10 corresponderán a como se realizou a proba, 0,5 puntos a unha correcta ortografía, e 0,5 puntos a unha boa presentación.

O alumnado coa primeira e 2º avaliacións suspensas, darase a asignatura por aprobada se se entregan os traballos e /ou tarefas que se pidan online e son valorados positivamente.

Neste caso e dado que a asignatura é únicamente dunha hora semanal, non se impartirá materia nova na 3º avaliación, polo que se adicará o tempo a reforzar e potenciar o xa aprendido na primeira e 2º avaliación.

En canto ao alumnado coas dúas primeiras avaliacións aprobadas, as tarefas feitas durante a terceira avaliación poderán incrementar a nota final ata 1 punto.

A nota final ordinaria de xuño será obtida facendo a media das dúas primeiras avaliacións máis un incremento de ata 1 punto dependendo do traballado na terceira avaliación.

No caso do alumnado que tivese que recuperar a 1º e/ou a segunda avaliación, a nota final de xuño será a media resultante.

A nota final extraordinaria corresponderase coa nota da proba escrita de setembro ou no seu defecto un traballo determinado polo profesor.

Os alumnos que **non superen a asignatura ó final do curso pero que promocionen**, serán obxecto dun especial seguemento ó longo do curso seguinte. Terán a súa disposición exercicios especiais da materia non superada que se lles entregarán periodicamente e que terán que facer para intentar acadalo nivel esixido nos contidos mínimos.

3. Metodoloxía e Actividades do 3º Trimestre

A metodoloxía de traballo no terceiro trimestre fará uso de distintas ferramentas dispoñibles para traballo telemático. Estas ferramentas incluírán:

- Tarefas a través da plataforma de edixgal
- Clases, encontros, etc. a través de plataformas como webbex, se ben non serán moi frecuentes, pois debido o elevado número de alumnos a dinámica destes encontros está bastante limitada.
- Realización de traballos para reforzar os coñecementos adquiridos na 1º e 2º avaliación
- Realización de tarefas avaliábeis on line, a través de aplicacións como Socrative, Kahoot, play post it, e tamén coas ferramentas de autor de edixgal.

4. Información e Publicidade

A adaptación da programación será feita pública a través da páxina web do centro.

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 3º DE ESO

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE IMPRESCINDIBLES, DA MATERIA IMPARTIDA NO PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRE. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS

UNIDADE 1: Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica.

Criterios de avaliación :

- 1.1.** Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel
- 1.2 e 1.3.** Procurar , seleccionar e interpretar a información de carácter científico e utilizala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados coa saúde
- 1.4.** Realizar un traballo experimental coa axuda dun guión de prácticas de laboratorio ou de campo, describir a súa execución e interpretar os seus resultados.

Estándares de aprendizaxe e competencias mínimas

- 1.1.** Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico e úsaos de xeito correcto. CCL,CMCCT
- 1.2 e 1.3.** **a)** Procura , selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da

utilización de diversas fontes. CD, CAA

b) Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes. CD, CCL

c) Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados. CAA, CCL

Indicadores de Aprendizaxe

1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico na unidade e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito.

1.2 e 1.3. a) Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir das principais webs de divulgación científica en internet.

b) Elabora, secuencia e expón unha presentación de diapositiva

UNIDADE 2: Materia viva, niveis de organización, células e tecidos

Criterios de avaliación :

2.1. - Determinar as características que diferencian os seres vivos da materia inerte.

- Describir as funcións comúns a todos os seres vivos, diferenciando entre nutrición autótrofa e heterótrofa.

2.2. - Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células.

Estándares de aprendizaxe e competencias mínimas

2.1. Diferencia a materia viva da inerte partindo das características particulares da ambas. CMCCT

- Contrasta o proceso de nutrición autótrofa e heterótrofa, e deduce a relación entre elas. CMCCT

- Recoñece e diferencia a importancia de cada función vital para o mantemento da vida

2.2 - Establece comparativamente as analogías e as diferenzas entre célula procariota e eucariota, e entre célula animal e vexetal. CMCCT

Indicadores de Aprendizaxe

2.1. Define biomoléculas, e diferencia a distinta composición química entre materia viva e inerte.

- Identifica as tres funcións vitais (nutrición, relación e reprodución) e a súa importancia para a vida.

- Diferencia organismos autótrofos de heterótrofos e o seu papel no mantemento da vida.

2.2

- Enumera as principais características dunha célula.

- Compara e diferencia célula eucariota de procariota, e eucariota animal de eucariota vexetal.

UNIDADE 3: A Organización do Corpo Humano. A Célula Animal. Tecidos

Criterios de avaliación :

3.1. - Catalogar os niveis de organización da materia viva (celulas, tecidos, órganos, aparellos ou sistemas)

3.2. - Diferenciar as principais estruturas celulares e a súa función.

3.3. - Diferenciar os tecidos máis importantes do corpo humano e a súa función

Estándares de aprendizaxe e competencias mínimas

- 3.1.** - Interpreta os niveis de organización no ser humano e procura a relación entre eles. CAA
3.2. - Diferencia os tipos celulares e describe as funcións dos orgánulos máis importantes. CMCCT
3.3. - Recoñece os principais tecidos que conforman o corpo humano e asociaos á súa función. CMCCT

Indicadores de Aprendizaxe

10.1 -Secuencia os niveis de organización do corpo humano dende o nivel máis simple (átomo) ata o nivel máis complexo (sistema, individuo)

10.2. - Identifica nun debuxo as principais partes e os principais orgánulos celulares.
- Describe a estrutura e función dos orgánulos máis importantes

10.3, - Describe os principais tipos de tecidos e a súa función.

UNIDADE 5. Nutrición 1: Alimentación e dixestión

Criterios de avaliación :

5.1. - Recoñecer a diferenza entre alimentación e nutrición, e diferenciar os principais nutrientes e as súas funcións básicas.

5.2. - Relacionar a dieta mediterránea coa saúde

- Argumentar a importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico na saúde, e identificar as doenzas e os trastornos principais da conduta alimentaria.

5.3. - Explicar os procesos fundamentais da nutrición, utilizando esquemas gráficos dos aparellos que interveñan nelas

5.4. - Identificar os compoñentes do aparello dixestivo e coñecer o seu funcionamento.

Estándares de aprendizaxe e competencias clave mínimos

5.1. - Discrimina o proceso de nutrición do de alimentación. CMCCT

-Relaciona cada nutriente coa súa función , e recoñece hábitos nutricionais saudables. CMCC

5.2. - Deseña hábitos nutricionais saudables a partir da dieta mediterránea, utilizando táboas con grupos de alimentos cos nutrientes principais presentes neles e o seu valor calórico. CAA, CD

- Valora e determina unha dieta equilibrada para unha vida saudable. CAA, CSC

5.3. - Determina e identifica a partir de gráficos e esquemas, or órganos, os aparellos e os sistemas implicados na función de nutrición, e relaciónao coa súa contribución ao proceso. CMCCT

- Recoñece a función de cada aparello e cada sistema nas funcións de nutrición. CMCCT

5.4. - Coñece e explica os compoñentes do aparello dixestivo e o seu funcionamento. CMCCT

Indicadores de Aprendizaxe Mínimos

5.1 -Diferencia alimentación de nutrición, e macronutriente de micronutriente.

- Relaciona os distintos tipos de nutrientes coa súa función principal, particularmente auga, glúcidos, protidos, lípidos, minerais e vitaminas

5.2. - Interpreta adecuadamente unha pirámide alimenticia

- Coñece as aportacións calóricas dos distintos tipos de nutrientes.

- Recoñece a importancia e beneficios da dieta mediterránea.

5.3. - Recoñece os 4 aparellos fundamentais que participan na dixestión, sendo capaz de establecer a función de cada un deles no proceso dixestivo.

5.4. - Coñece os órganos e glándulas do aparello dixestivo implicados na dixestión así como a función dos mesmos.

UNIDADE 9. Reproducción e sexualidade.

Criterios de avaliación :

9.1. e 9.2. - Diferenciar entre sexualidade e reprodución, e interpretar debuxos e esquemas do aparello reproducotr

9.3. e 9.4. - Recoñecer los aspectos básicos da reprodución humana e describir os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto.

9.5. e 9.6. -Coñecer o funcionamento do preservativo e da pildora anticonceptiva, recoñecer a importancia do preservativo na prevención de doenzas de transmisión sexual.

9.8. - Valorar e considerar a súa propia sexualidade e a das persoas do contorno, e transmitir a necesidade de reflexionar, debater, considerar e compartir.

Estándares de aprendizaxe e competencias clave mínimos

9.1. e 9.2. - Identifica en esquemas os órganos do aparello reproductor masculino e feminino, e especifica a súa función CMCCT

9.3. e 9.4. - Describe as principais etapas do ciclo menstrual .CMCCT.

- Identifica os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto.. CMCCT.

9.5 e 9.6.. - Discrimina os métodos de anticoncepción da pildora e o preservativo. CMCCT

9.8. Actúa, decide e defende responsablemente a súa sexualidade e a das persoas do seu contorno. CSC, CCEC

Indicadores de Aprendizaxe Mínimos

9.1 e 9.2 - Identifica as partes dos aparellos reproductor masculino e feminino e as relaciona coas súas funcións.

- Coñece os cambios físicos e psíquicos que se producen na puberdade tanto no ohome como na muller.

9.3. - Enuncia as etapas do ciclo menstrual, e cal é o significado biolóxico da menstruación.

9.4. - Identifica os principais acontecementos na fecundación, embarazo, e parto.

9.5. - Coñece os principais métodos anticonceptivos, o preservativo e a pildora anticonceptiva e do día despois,

- Relaciona o uso do preservativo non só como un medio de evitar o embarazo senon tamén como unha barreira á transmisión do VIH e das ETS

9.6.

- Coñece o VIH, a súa transmisión e os modos de previr a súa transmisión.

9.8. - Asimila a necesidade de ser responsable na súa sexualidade e repectar as opcións sexuais dos demais.

2. Avaliación e cualificación

Dada a peculiaridade deste última parte debido ó coronnavirus, adaptaranse as medidas de avaliación e cualificación.

Os **instrumentos** con que contaremos no departamento para evaluar aos nosos alumnos serán os

seguintes:

- Exames das avaliacións. Teremos e conta os exames e avaliacións das dúas primeiras avaliacións.
- Ademais, na 3º avaliación faranse tarefas avaliáveis para recuperar a 1º e 2º avaliación, e ademais farase, de ser necesario, un exame de recuperación para quen tivera suspensas estas avaliacións. Estes exames serán online e usaranse plataformas como webdex ou edixgal.
- O alumnado coa primeira e 2º avaliación aprobadas, faranse tarefas online da terceira avaliación que servirán para subir a nota media do curso.
- Participación nas actividades online, e grado de entrega das tarefas asignada

Critérios de cualificación e promoción

En canto a 1º e 2º avaliación e con carácter xeral fíxose unha proba escrita ao rematar cada unha das unidades. Esta proba valorouse sobre 11 puntos, dos cales 10 corresponderán a como se realizou a proba, 0,5 puntos a unha correcta ortografía, e 0,5 puntos a unha boa presentación.

Con carácter xeral, na 1º e 2º avaliación e para **3º da ESO** a nota se computara do seguinte xeito :

-85% será a nota dos exames

-15% valorarase o resto: cuaderno, actitude, participación nas actividades, proxecto de investigación, etc

Estes aspectos xa se avaliaron no seu momento.

En canto ao alumnado coa 1º e/ou 2º avaliación suspensas se lle farán actividades específicas de recuperación destas avaliacións. Estas tarefas, e no seu caso o examen on line, serán utilizadas para avaliar ao alumnado e valorar a superación dos aprendizaxes mínimos.

En canto a alumnado coas dúas primeiras avaliacións aprobadas, as tarefas feitas sobre os novos contidos impartidos poderán incrementar a nota media final de curso ata un máximo de 2 puntos.

A nota final ordinaria de xuño para o alumnado coa 1º e ou 2º avaliación suspensas será a media dos resultados das actividades e exames de recuperación:

30% as actividades

70% os exames

A nota final ordinaria de xuño para o alumnado coa primeira e segunda avaliación aprobadas será obtida facendo a media das dúas primeiras avaliacións máis un incremento entre un e dous puntos máximos atendendo os seus traballos na materia nova correspondente a 3º avaliación.

A nota final extraordinaria corresponderase coa nota da proba escrita de setembro.

Os alumnos que **non superen a asignatura ó final do curso pero que promocionen**, serán obxecto dun especial seguemento ó longo do curso seguinte. Terán a súa disposición exercicios especiais da materia non superada que se lles entregarán periodicamente e que terán que facer para intentar acadalo nivel esixido nos contidos mínimos.

4. Metodoloxía e Actividades do 3º Trimestre

A metodoloxía de traballo no terceiro trimestre fará uso de distintas ferramentas dispoñibles para traballo telemático. Estas ferramentas incluirán:

- O alumnado formara parte dunha clase feita a través da plataforma de Google classroom, a través da cal se manterá contacto co alumnado, e a través da cal se entregarán os traballos.
- Clases, encontros, etc. a través de plataformas como webex, se ben non serán moi frecuentes, pois debido o elevado número de alumnos a dinámica destes encontros está bastante limitada.
- Realización de videoclases ou podcasts que serán grabadas polo profesor e colgadas en youtube facilitándolle o acceso o alumnado mediante a clave correspondente.
- Realización de tarefas avaliáveis on line, a través de aplicacións como Socrative, Kahoot, play post it,,...

Esta metodoloxía será aplicable a todo o alumnado, se ben as actividades estarán adecuadas á súa condición dependendo de que sea alumnado coa 1º e/ou 2º avaliación suspensas, ou coas dúas aprobadas, axustando as actividades no caso de ser necesario a alumnado de reforzo. O alumnado de ACI se lle facilitará material específico no caso de ser necesario.

5. Información e Publicidade

A adaptación da programación será feita pública a través da páxina web do centro.

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 4º DE ESO

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE IMPRESCINDIBLES, DA MATERIA IMPARTIDA NO PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRE. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS

UNIDADE 1: A Organización Celular Dos Seres Vivos

Criterios de avaliación :

- 1.1. , 1.2 e 1.3.** Determinar as analogías e diferenzas na estrutura das células eucariotas e procariotas
- 1.4.** Identificar o núcleo celular e a súa organización segundo as fases do ciclo celular, a través de imaxes
- 1.5.** Comparar a estrutura dos cromosomas e da cromatina.
- 1.6.** Identificar os principais procesos que teñen lugar na mitose e na meiose, e revisar o seu significado e a súa importancia biolóxica

Estándares de aprendizaxe e competencias clave :

- 1.1., 1.2, e 1.3.** a) Compara a célula procariota e eucariota, e reconece a morfoloxía e función dos principais orgánulos celulares . CAA, CMCCT
b) Identifica tipos de células mediante imaxes CD, CAA.
- 1.4.** Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular. CCL, CAA.
- 1.5.** Reconece as partes dun cromosoma e a súa utilidade no cariotipo. CMCCT
- 1.6.** Reconece as fases da mitose e meiose, diferencia ambos os procesos e distingue o seu significado biolóxico CMCCT, CAA.

Indicadores de Aprendizaxe Mínicos

- 1.1., 1.2., 1.3.,** a) Identifica as partes da célula eucariota e procariota, (nun debuxo ou maqueta) e as relaciona coa súa función
- 1.4.** Reconece a importancia do núcleo como lugar onde está a información dos seres vivos.

UNIDADE 2: Estrutura e Bioloxía do ADN

Criterios de avaliación :

- 2.1.** Comparar os tipos e a composición dos ácidos nucleicos, e relacionalos coa súa función.
- 2.2** Relacionar a replicación do ADN coa conservación da información xenética.

- 2.3.** Comprender e ilustrar cómo se expresa a información xenética, utilizando o código xenético e resolvendo problemas sinxelos.
- 2.4.** Valorar e recoñecer o papel das mutacións na diversidade xenética e comprender a relación entre mutación e evolución.
- 2.5.** Identificar as técnicas da enxeñaría xenética: ADN recombinante e PCR
- 2.6.** Comprender e describir o proceso básico de clonación.
- 2.7.** a) Recoñecer as aplicacións da enxeñaría xenética: organismos modificados xenéticamente (O.X.M)

Estándares de aprendizaxe e competencias clave mínimos

- 2.1.** Distingue os ácidos nucleicos e enumera os seus compoñentes. CAA, CSIEE
- 2.2.** Recoñece a función do ADN como portador da información xenética, e relaciónao co concepto de xene. CAA
- 2.3.** Ilustra os mecanismos de expresión xenética por medio do código xenético. CAA, CSIEE
- 2.4.** Recoñece e explica en qué consisten as mutacións e os seus tipos. CMCCT, CAA
- 2.5.** Diferencia técnicas de traballo en enxeñaría xenética. CMCCT, CSIEE.
- 2.6.** Describe unha técnica básica de clonación animal CSC, CSIEE, CAA.

Indicadores de Aprendizaxe

- 2.1.** A partires dun debuxo é capaz de diferenciar os compoñentes do ADN e identificar as diferenzas co ARN.
- 2.2.** Explica a función biolóxica da duplicación.
- 2.3.** Relaciona os tres pilares da bioloxía do ADN: replicación, transcripción e traducción
- 2.4.** Diferencia mutacións xénicas e cromosómicas, naturais e artificiais, e ten claro o carácter azaroso das mesmas nas mutacións naturais e a súa implicación evolutiva.
- 2.5.** Coñece algunha técnica de enxeñaría xenética
- 2.6.** Esquematiza o procedemento polo que se clonou a ovella Dolly.

UNIDADE 3: Herdanza e Xenética

Criterios de avaliación :

- 3.1.** Formular os principios da xenética mendeliana, aplicando as leis da herdanza na resolución de problemas sinxelos e recoñecer a base cromosómica das leis de Mendel.
- 3.2.** Diferenciar a herdanza do sexo e a ligada ao sexo, e establecer a relación entre elas.
- 3.3.** Coñecer e identificar algunhas doenzas hereditarias, a súa prevención e o seu alcance social.

Estándares de aprendizaxe e competencias clave :

- 3.1.** Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamentos con un carácter. CMCCT, CAA, CCEC.
- 3.2.** Resolve problemas prácticos sobre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo. CAA, CSIEE.
- 3.3.** Identifica as doenzas hereditarias máis comúns e o seu alcance social, e resolve problemas prácticos sobre doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas. CMCCT, CSC

Indicadores de Aprendizaxe

- 3.1.** Domina o vocabulario propio da xenética. Resolve exercicios de xenética de un carácter
- 3.2.** a) Deduce operativamente por qué a proporción de sexos na especie humana e aproximadamente

do 50%

b) Entende o fundamento e resolve exercicios de daltonismo e hemofilia,

3.3. Coñece enfermidades causados pola alteración no número de cromosomas (Síndrome de Down, XXY, XO,...) e algunhas ligadas a alelos dominantes ou recesivos (enfermidade de Huntington, anemia falciforme)

UNIDADE 9: Proxecto de Investigación

Criterios de avaliación :

9.1., a) Planear, aplicar e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico.

b) Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación

9.3 Participar, valorar e respectar o traballo individual e en grupo.

Estándares de aprendizaxe e competencias clave mínimas

9.1. a) Integra e aplica destrezas propias dos métodos da ciencia. CAA, CMCCT, CSIEE

9.2. Utiliza fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións. CAA, CCL, CMCCT, CD

9.3. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo. CAA, CSC, CSIEE

Indicadores de Aprendizaxe

9.1. Secuencia correctamente os pasos do método científico de cara a aplicalos no seu proxecto de investigación.

9.4. Prepara un informe científico do proxecto coa secuencia adecuada.

2. Avaliación e Cualificación

Dada a peculiaridade deste última parte debido ó coronavirus, adaptaranse as medidas de avaliación e cualificación.

Os **instrumentos** con que contaremos no departamento para avaliar aos nosos alumnos serán os seguintes:

- Exames das avaliacións. Teremos e conta os exames e avaliacións das dúas primeiras avaliacións.
- Ademais, na 3º avaliación faranse tarefas avaliáveis para recuperar a 1º e 2º avaliación, e ademais farase un exame de recuperación para quen tivera suspensas estas avaliacións. Estes exames serán online e usaranse plataformas como webbex , google classroom ou calquera outra forma posta na metodoloxía.
- O alumnado coa primeira e 2º avaliación aprobadas, faranse tarefas online da terceira avaliación que servirán para subir a nota media do curso.
- Participación nas actividades online, e grado de entrega das tarefas asignadas
- _ Valoración caso de ser entregado do proxecto de investigación levado a cabo ó longo do curso, e a capacidade para traballar en grupo.

Criterios de cualificación e promoción

En canto a 1º e 2º avaliación e con carácter xeral fíxose unha proba escrita ao rematar cada unha das unidades. Esta proba valorouse sobre 11 puntos, dos cales 10 corresponderán a como se realizou a proba, 0,5 puntos a unha correcta ortografía, e 0,5 puntos a unha boa presentación.

Tamén se valorou outros aspectos, como participación no laboratorio, actividades, interese, etc.

En canto a alumnado coas dúas primeiras avaliacións aprobadas, as tarefas feitas sobre os novos contidos impartidos na terceira avaliación poderán incrementar a nota media final de curso ata un máximo de 2 puntos.

Estas tarefas sobre novos contidos tamén poderán ser feitas polos que teñan algunha avaliación suspensa para que se lles compulse sobre a nota final da asignatura.

A todo o alumnado que o entregue se lle valorará o traballo de investigación feito ó longo do curso

Polo tanto, a nota final de Xuño para alumnado coa primeira e 2º avaliación aprobadas, será a nota media, a cal se lle sumara ata dous puntos máximo, dependendo das actividades feitas na terceira avaliación e do resultado obtido, de telo feito, no traballo de investigación

En canto o alumnado com avaliacións suspensas, terá que facer actividades de recuperación e a nota será a resultante de sumar:

30% actividades de recuperación

70% exame de recuperación online.

De ser entregado, tamén poderá ser valorado no seu caso o traballo de investigación

A nota final extraordinaria corresponderase coa nota da proba escrita de setembro.

Os alumnos que **non superen a asignatura ó final do curso pero que promocionen**, serán obxecto dun especial seguemento ó longo do curso seguinte. Terán a súa disposición exercicios especiais da materia non superada que se lles entregarán periodicamente e que terán que facer para intentar acadalo nivel esixido nos contidos mínimos.

3. Metodoloxía e Actividades do 3º Trimestre

A metodoloxía de traballo no terceiro trimestre fará uso de distintas ferramentas dispoñibles para traballo telemático. Estas ferramentas incluirán:

- Tareas a través da plataforma Google classroom
- Clases, encontros, etc. a través de plataformas como webex.
- Realización de videoclases ou podcasts que serán grabadas polo profesor e colgadas en youtube facilitándolle o acceso o alumnado mediante a clave correspondente.
- Realización de tarefas avaliáveis on line, a través de aplicacións como Socrative, Kahoot, play post it,...
- Por último os alumnos que queiran continuarán cos proxectos de investigación desenvolvidos ó longo do curso, enviando os seus resultados para ser cualificados.

Esta metodoloxía será aplicable a todo o alumnado, se ben as actividades estarán adecuadas á súa condición dependendo de que sea alumnado coa 1º e/ou 2º avaliación suspensas, ou coas dúas aprobadas, axustando as actividades no caso de ser necesario a alumnado de reforzo. O alumnado de ACI se lle facilitará material específico no caso de ser necesario.

4. Información e Publicidade

A adaptación da programación será feita pública a través da páxina web do centro.

Ames a 18 de Maio de 2020

Fdo. Javier Santiago Caamaño
Depto. De Bioloxía e Xeoloxía